

## PREGÓN DA FESTA DE SAN VITORIO DE BARALLA

Por Manuel Rodríguez López

Excelentísimas Autoridades, señoras, señores:

Estou fóndamente agradecido pola invitación que me fixeron para que lles fale co gallo das festas de San Vitorio e, en primeiro lugar, quero felicitar ós romistas organizadores dos programas festeiros dista feria da vila de Baralla, encrucillada de camiños e moderna capital do Municipio da comarca de Meira de Xusá, progresista e ó mesmo tempo celosa conservadora das vellas tradicións doutras épocas que poderíamos estudar ~~maxx~~ en tñtas eirexas románicas, nos pazos, nas torres e nos moimentos legados polos nossos devanceiros.

Acetéi a invitación que se me fixo para ser ~~mx~~ o pregosairo dos días de ledicia que hoxe encetamos para festexar o Patrón; pero de qué vou a falarlles eu que en vez de alegria o que sinto é tristura?

Sí, a tristura do emigrante que, dende moi novo, vive lonxe da Terra a que, como moitos dos que hoxe estamos a celebrar unhas xornadas de gozo, de xuntas familiares, de reunións de amigos e veciños, sentimos a cada intre unha voz moi dentro do peito que nos recorda que ó remate diste soño de ~~maxx~~ irmadeade, de festa e romería, voltaremos a camiñar pra terras alleas, cos ollos ~~maxx~~ cheos de bágoas e deixaremos estas veigas vizosas ora rubir ó Beixial e esceder o porto da Pedrafita, írmu dos Ancares e do Caurel - xigantes orográficos que, por máis esforzos que fan pra impossibilitar a dispersión das nosas xentes, ~~maxx~~ as saídas de Galicia coa sua inmensa muralla ciclopea - non o consiguen. E non o consiguen porque os recursos do noso pobo, as fontes das materias primas - carne, madeira, productos do mar, explotaci's minei-

ras - non son manufacturados íntegramente no país e os nosos becerros - por exemplo - en troques de engordar nas granxas galegas, críanse e cébanse nas catalanas e sacrificíanse no matadeiro da Zona ~~Rexxa~~-Franca de Barcelona; os productos das nosas celulosas convírtense en papel nas factorías bilbaínas ou no Prat de Llobregat; os nosos ~~minerais~~<sup>áis</sup> transformánsen no extranxeiro e os postos de traballo que os nosos homes podían ocupar na terra natal, desempeñáños nas zonas industriais de Catalunya, Vasconia, Madrid ou en nacións extranxeiras. E eu pregúntome: Astra cando durará este malafada, este diáspora? Por qué millairos de galegos temos que vivir lonxe da Terra, cismando<sup>en</sup> voltar cando a realidade é moi outra? Miles dos nosos irmáus, dos nosos familiares, dos nosos pais e abós, que degoraban tornar á Terra, dormen o sono eterno en Bres Aires, A Habana, Madrid, Barcelona e, derradeiramente, en países europeos.

Nestas datas astivís, as estradas e camiños de Galicia están cheílos por guchas con matrículas doutras terras. Non son "turistas", como se dí. Somos emigrantes que voltamos pra coutar as nosas tristuras, cando os meios económicos e as circunstancias favorables nos permiten viaxar ó lugar de nacencia. Chegámos coa ilusión de ver ós irmáus, ós pais, ós abos, ós veciños; pero eu sei de moitos galegos da emigración que xa perderon os seus familiares máis queridos da aldea ou da vila que os viu nacer e súmense outros países, mergullados ~~na~~ en saudades, porque decántense que, en Galicia, nada teñen. Saben que a Galicia Ideal, na que sempre covilaron, nada ten que lles ofrecer.

Se non se obra o milagre, dentro de poucos anos, a medida que desparezan os vencellos familiares que xunguen as xeneracións actuais, os nosos fillos e netos, cada vegada máis alonxados das raiceiras de crixen, esquencerán a chamada ancestral e xa non se verán tantos "turistas" en Galicia e as aldeas e vilas seguirán a se despoboar, inzíndose de toxos e de silbas e, como xa está a

suceder, morrerán.

Se facemos unha pequena reflexión e matinamos nos camiños que ~~xx~~  
confluien en Baralla atopámonos co ~~fértil~~ val de Láncara, presi-  
dido polo pazo de Bernáldez de Castro ~~e~~ <sup>fértil</sup> e a torre de Basille, que fora pro-  
piedade do bisabó do noso ilustre académico, ~~patriarca das Letras~~  
~~galegas~~, don Anxel Fole, ~~que nos honra con su presencia~~. Se che-  
gamos a ista vila pola estrada de Baisira, ficamos aglaiados polas  
~~xibixixas~~ sombrizas e verdes ribeiras do ~~xxxxxx~~ troitoiro río Neiba,  
que, dende ~~a Fontaneira~~ <sup>a Fontaneira</sup>, vai recollendo as ~~magias~~ frescas e  
nídeas augas dos regatos, faise moiño en Neira de Rei, perto do  
pazo de Condómina, reparte fartura e regalía na veiga de Baralla  
e sigue cara a Poboa de San Xulián, feito mozo esgrevio, pra en te-  
rras do Corgo e do Páramo a deborcar o seu caudal no pei dos ríos  
galegos. Outro dos camiños que nos acercan a Baralla é a estrada de  
Lugo, que corre lixreira e sen atrances, entre pazos asturianos - o  
de Corgo e o da Fulgosa - pra recrearse no val de Baralla e logo  
seguir renqueante, costa arriba, cara terras de Castela. Todos  
istes camiños acuden á nosa vila, pra rendir aleitesía e o seu ho-  
menaxe a tanta beleza paisaxística, tanta historia, tanto arte ro-  
mánico e ás xentes diste fermoso reconto da nosa Galicia.

qué serán d' nosa terra, o día de mariá, sen fillos que x conserven e que aumenten o patrimonio dos anteriores, sen brazos que exploten as suas riquezas farturentas? Non queremos terres a monte.  
O noso anseio é unha Galicia ricaz e unida na laboura de cada intre,  
con irmandade e con festas com esta que hoxe estamos a celebrar,  
sen pensar que ó remate de tanta ilusión e tanta algarabía, cando  
estouren os derradeiros foguetes, moitos de nós teremos que camiñar.  
Queremos unha Galicia crescente, que os nosos pobos non mingüen, co-  
mo está a suceder.

Doime non ter escolmado outro tema máis afalagador. Moitos de Vds., por culpa miña, síntese, cecís, magoados ó botar de falla familiares que iste ano non quidaron vir á festa; outros, estarán a cavilar na próxima separación dos seres que estiman e que ó rematar as festas, deixarán un valeiro nos seus fogares e, moitos, xa sentimos a doer da despedida. Son consciente da cruesa das miñas verbas que non teñen outro mérito que o da sinceridade. Ogalilé que dentro de poucos anos estas palabras podan ser recordadas como un pregón anecdótico, dun pasado circunstancial superado xa.

Moitas graciñas !

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Alcalde : Xosé Luis Lopez

Concello : Xoán Xosé Otero

Servizo Aut<sup>o</sup> : Xosé Estevez

Cira de I. Miguel de Abeira : Manuel Rodriguez Catro

Na sala de actos do Concello

O remate o alcalde, tras pronunciar mullas emociónadas palabras, entregálle ó pregoeiro muller viéra de prata, comemorativa do acto e á súa dona un fermoso ramo de rosas. A continuación servíuse un "lunch" no